

## **Caixanova e a Real Academia de Belas Artes analizan nun ciclo a relación entre “As belas artes e o cinema”**

Caixanova e a Real Academia de Belas Artes organizan un ciclo que inclúe cinco conferencias e outras tantas proxeccións cinematográficas e que ten por obxectivo analizar a vinculación que se produce entre as diferentes artes plásticas e o mundo da imaxe. O Centro Social Caixanova da Coruña e a sede da Real Academia Galega de Belas Artes acollerán as diferentes actividades previstas no programa entre o 8 de outubro e o 6 de novembro. En total, cinco semanas, cada unha dedicada a un tema monográfico.

Para pór de manifesto a vinculación das distintas formas artísticas co cinema, participarán académicos procedentes das diferentes Reais Academias de Belas Artes, todos eles especialistas en materias diferentes pero cun ámbito común, o cinematográfico. Ademais, o encontro permitirá reforzar as relacións entre a Real Academia Galega de Belas Artes e outras institucións similares españolas.

A entrada será libre e gratuíta ata completar o aforo e solicítouse a convalidación de créditos de libre configuración á Universidade da Coruña e á Universidade de Santiago. As sesións dos días 8, 9, 22 e 23 de outubro terán lugar no Auditorio do Centro Social Caixanova da Coruña (Avda. La Marina) e as dos días restantes impartiranse na Sede da Real Academia Galega de Belas Artes “Nosa Señora do Rosario” (Praza do Pintor Sotomayor, s/n).

### **Programa de conferenciantes e películas**

#### **Luns 8 de outubro de 2007: A música e o cinema**

Auditorio do Centro Social Caixanova

Diálogo entre Antón García Abril (Real Academia de Bellas Artes de San Fernando) e Maximino Zumalave (Real Academia Galega de Belas Artes “Nosa Señora do Rosario”).

#### **Antón García Abril**

Nace en Teruel, onde comeza a interesarse pola música desde neno. Estuda nos conservatorios de Valencia, Madrid e, xa no estranxeiro, Siena. Ao longo da súa traxectoria compuxo un número importante de obras, entre as que hai ópera, pezas para orquestra, cantatas, concertos (para violín, piano, guitarra, violoncelo, frauta, dous pianos, dúas frautas, etc.) e música de cámara. Merecen destacarse as composicións inspiradas en poetas españois. Como docente, entre 1973 e 2004 foi catedrático de Composición e Formas Musicais do Real Conservatorio Superior de Música de Madrid; director da Cátedra “Manuel de Falla” de Cádiz; profesor de Composición de dous cursos de “Música en Compostela” e profesor de Composición na Escola de Altos Estudos Musicais de Galicia.

En 1982 foi elixido Académico de Número da Real Academia de Bellas Artes de San Fernando de Madrid. Ademais, é Académico correspondente da Real Academia de Nobles y Bellas Artes de San Luis de Zaragoza, da de Bellas Artes “Nuestra Señora de las Angustias” de Granada, da de Bellas Artes “Santa Isabel de Hungría” de Sevilla e da Academia Nacional de Bellas Artes de la República Argentina.

Entre os múltiples premios que lle foron concedidos destacan o Premio Nacional de Música (1993) e a Medalla de Ouro das Belas Artes (1998). A súa vinculación co cinema foi moi intensa no tempo (máis de trinta anos) e prolífica, estando sementada de galardóns (do Círculo de Escritores Cinematográficos e do Sindicato do Espectáculo) pola súa participación en películas memorables como *La fiel infantería* (1959), *Los chicos del Preu* (1967), *Los pájaros de Baden-Bade* (1975), *El crimen de Cuenca* (1979), *La colmena* (1982) ou *Los santos inocentes* (1984).

#### **Maximino Zumalave**

Director de orquestra e pianista nacido en Santiago de Compostela, onde iniciou os seus estudos musicais que posteriormente seguiu en Madrid, Viena e Stuttgart. É principal director invitado da Real Filharmonía de Galicia, agrupación da que foi fundador. Así mesmo, foi principal director invitado da Orquestra Sinfónica de Galicia e dirixiu importantes formacións españolas e estranxeiras, por exemplo, The English Chamber Orchestra, a Sinfónica de Praga, a Orquesta Nacional de España, Sinfónica de Tenerife, Bach Collegium ou Cidade de Barcelona. Tamén actuou con prestixiosos solistas como Achúcarro, M. Bayo, as irmás Labèque e Zimmerman. Frecuente e especial foi a súa colaboración con Teresa Beganza en diferentes países de Europa. Desde 1995 é Académico de Número da Real Academia Galega de Belas Artes “Nosa Señora do Rosario”.

## **Martes 9 de outubro: Música e cinema**

Auditorio do Centro Social Caixanova

### **Los santos inocentes** (Mario Camus, 1984)

Nacionalidade: España. Ano: 1984. Dur: 107 mim. Dirección: Mario Camus. Producción: César Benítez, Andrés Santana. Guión e fotografía: Hans Burmann. Música: Antón García Abril. Montaxe: José María Biurrun. Intérpretes: Alfredo Landa, Francisco Rabal, Juan Diego, Terle Pávez, Belén Ballesteros, Juan Sánchez, Ágata Lys, Agustín González, Manuel Zarzo, Juan Sánchez, Mari Carrillo e José Guardiola.

Sinopse: unha familia de campesiños españois vive subordinada á clase que posúe a terra, domina os recursos e manda sobre eles. A súa vida é renunciar e obedecer, o seu destino está marcado pero algo violento, fóra do cotián, romperá a súa condena.

## **Luns 15 de outubro de 2007: A arquitectura e o cinema**

Sede da Real Academia Galega de Belas Artes

Presentación de Ramón Yzquierdo Perrín (Real Academia Galega de Belas Artes “Nosa Señora do Rosario”) e conferencia de Francisco Javier de la Plaza (Real Academia de Bellas Artes Purísima Concepción de Valladolid).

### **Ramon Yzquierdo Perrin**

Catedrático de Historia da Arte da Universidade da Coruña, preside a Comisión de Garantías da citada universidade por elección do claustro. Dentro das súas investigacións sobre a Historia da Arte dedicou especial atención á Arte Medieval. En 1993 foi elixido Académico de Número da Real Academia Galega de Belas Artes “Nosa Señora do Rosario”, exercendo como Conservador e, actualmente, Tesoureiro da súa Xunta Directiva. Ademais, é Académico correspondente da Real Academia de Bellas Artes de San Fernando de Madrid. Desde 1992 pertence ao consello de Fábrica da Catedral de Santiago e desde 1998 é membro do plenario do Consello da Cultura Galega.

### **Francisco Javier de La Plaza**

Catedrático de Historia da Arte da Universidad de Valladolid e director da Cátedra de Historia e Estética da Cinematografía da mesma universidade. A súa dedicación investigadora desenvolveuse en ámbitos distintos ao longo dos anos, desde os seus estudos sobre o Palacio Real de Madrid ata a coordinación da Historia del Arte de Castilla y León, na que é responsable do volume “Del Neoclasicismo al Modernismo”, pasando polos seus traballos sobre arte murciano levados a cabo durante a súa estancia naquela universidade. Nos últimos anos centrou a súa atención no campo da cinematografía, con traballos sobre os seus valores estéticos e narrativos. En 1986 ingresou como Académico de Número da Real Academia de Bellas Artes de la Purísima Concepción de Valladolid. É académico correspondente da de Bellas Artes de San Fernando de Madrid.

## **Martes 16 de outubro: Arquitectura e cinema**

Sede da Real Academia Galega de Belas Artes

### **Apuntes de Frank Gehry** (Sidney Pollack, 2006)

Nacionalidade: USA. Ano: 2005. Dur: 85 min. Dirección: Sydney Pollack. Producción: Ultan Guilfoyle. Guión: Sydney Pollack. Fotografía: Marcus Birsell, Claudio Rocha, George Tiffin. Son: John Oh. Música: Sorman & Nystrom. Montaxe: Karen Schmeer. Intérpretes: Frank O, Sydney Pollack, Michael Eisner, Bob Geldof, Dennis Hopper, Philip Jonson, Eddie Ruscha, Julian Schnabel.

Sinopse: a Frank Gehry gústalle facer apuntamentos, así comeza o seu traballo de arquitecto. Esa inclinación polas notas guiou a Sydney Pollack para escoller o estilo documental, tomando como punto de partida os apuntamentos orixinais que Gehry realizou para cada un dos seus grandes proxectos. O documental explora o proceso que segue o arquitecto para transformar ese primeiro apuntamento abstracto en materia tanxible.

## **Luns 22 de outubro de 2007: A escultura e o cinema**

Centro Social Caixanova

Presentación a cargo de María Victoria Carballo Calero Ramos (Real Academia Galega de Belas Artes “Nosa Señora do Rosario”) e conferencia de Gemán Ramallo (Real Academia de Bellas Artes Santa María de la Arrixaca de Murcia).

### **María Victoria Carballo-Calero Ramos**

Catedrática de Historia da Arte Contemporánea da Universidade de Vigo. Ao longo da súa vida profesional dedicou especial atención tanto á arte contemporánea como aos estudos sobre a arquitectura e a cidade. Resultado destas investigacións foron as súas obras sobre *La ilustración en la revista Nós* (1983), *La transformación de una ciudad: Ourense 1880-1936* (1995), *Arte de fin de siglo* (1998), *Julia Mingullón y Maruja Mallo. El reencuentro con la modernidad en la posguerra* (2001) ou *A Arte Galega* (2005), entre outras moitas. É Académica de Número da Real Academia Galega de Belas Artes “Nosa Señora do Rosario” e correspondente das Reais Academias de San Fernando (Madrid) e Santa Isabel de Hungría (Sevilla). É membro de diversos padroados (CGAC e Fundación Otero Pedrayo) e comisións de Patrimonio.

### **German Ramallo Asensio**

Catedrático de Historia de Arte Moderna y Contemporánea da Universidad de Murcia. Ao longo da súa traxectoria profesional (foi profesor adxunto e catedrático da Universidad de Oviedo antes de chegar á de Murcia) centrou a súa atención en diversos campos, como a arte medieval (*El arte prerrománico asturiano* ou *Las claves del arte románico*), o renacemento e o barroco (*La catedral de Oviedo. Renacimiento y Barroco, Salzillo, La escultura barroca* ou *Catedrales españolas del Barroco a los Historicismos*). A súa atención ao mundo do cinema arranca da súa diplomatura en Cinematografía pola Cátedra de Cinema de Valladolid, publicando numerosos traballos e dirixindo varias teses doutorais nesta liña. En 2001 é elixido Académico de Número da Academia “Santa María de la Arrixaca” de Murcia. Director do Inventario de Bens Mobles da Igrexa Católica do Principado de Asturias durante bastantes anos, foi membro de diversas comisións sobre patrimonio cultural, liña na que participou en varios proxectos de investigación.

## **Martes 23 de outubro: Escultura e cinema**

Auditorio do Centro Social Caixanova

### **El golem** (Paul Wegener, 1920)

Nacionalidade: Alemania. Ano: 1920. Dur: 80 min. Dirección: Paul Wegener e Carl Boese. Producción: Paul Davidson. Guión: Paul Wegener e Henrik Galeen. Fotografía: Kart Freund e Guido Seeber. Música: Hans Landsberger. Intérpretes: Paul Wegener, Albert Steinrück, Lyda Salmonova, Öto Gebuh, Ernst Deutsch, Hans Stürm, Max Max Kronert.

Sinopse: clásico do cinema mudo alemán que conta a lenda do golem, unha estatua que cobrou vida na Praga do século XVI grazas a un rabino para liberar os xudeus da brutal persecución á que estaban sendo sometidos por toda a cidade. Tempo despois, a comezos do século XX, o Golem é atopado entre os entullos dunha sinagoga, e voltará á vida de mans dun anticuario.

## **Luns 29 de outubro de 2007: A pintura e o cinema**

Sede da Real Academia Galega de Belas Artes

Presentación de Felipe Criado (Real Academia Galega de Belas Artes “Nosa Señora do Rosario”) e conferencia de Víctor Nieto Alcalde (Real Academia de Bellas Artes de San Fernando).

### **Felipe Criado**

Aínda que nacido en Gijón, considérase un dos pintores galegos máis arraigados á nosa terra. Estudou na Escuela Superior de Bellas Artes de San Fernando de Madrid, onde tivo importantes profesores e compañeiros. A súa admiración por autores como o Greco, Zuloaga ou Benxamín Palencia inflúe de xeito decisivo na súa obra. A dedicación aos estudos de anatomía artística levouno a centrar as súas obras en temas vinculados á figura humana, en concreto á feminina. O predominio dos tons ocre marcou de xeito decisivo moitos dos seus cadros. Académico de Número da Real Academia Galega de Belas Artes “Nosa Señora do Rosario”, as súas obras están en múltiples museos e coleccións de España e do estranxeiro.

## **Victor Nieto Alcaide**

Catedrático de Historia da Arte da UNED, dedicou a súa actividade investigadora ao estudo da arte medieval e renacentista, con obras como *Arte Prerrománico asturiano* (1989), *El Renacimiento* (1996) e *El descendimiento de van der Weyden* (2003). Unha especial atención mereceron os seus estudos sobre a vidreira española, á que dedicou numerosos artigos en revistas especializadas e libros: *La luz, símbolo y sistema visual* (1978), *Vidrieras de Madrid: del Modernismo al Art Decó* (1996) e *La vidriera española* (1998), obra pola que lle foi concedido o Premio Nacional de Historia de 1999. Tamén prestou especial atención á arte contemporánea, con libros como os dedicados a Lucio Muñoz e Rafael Canogar, e con múltiples colaboracións nos catálogos de exposicións sobre “El arte de los sesenta”, “Del Surrealismo al Informalismo: Arte de los años 50 en Madrid”, “El color de las Vanguardias. Pintura española contemporánea 1950-1990 en la colección Argentaria” e “Arte para después de una guerra”. En 2002 foi elixido Académico de Número da Real Academia de Bellas Artes de San Fernando de Madrid. É Académico correspondente das Reais Academias de “Santa Isabel de Hungría” de Sevilla, de “San Jordi” de Barcelona, de “Purísima” de Valladolid, de “San Quirce” de Segovia e de “San Miguel” de Canarias. En 2004 foi nomeado Académico Delegado do Museo da Real Academia de Bellas Artes de San Fernando.

### **Martes 30 de outubro: Pintura e cinema**

Sede da Real Academia Galega de Belas Artes

#### **La joven de la perla** (Peter Weber, 2003)

Nacionalidade: Gran Bretaña – Luxemburgo. Ano: 2003. Dur: 99 min. Dirección: Meter Wéber. Producción: Andy Anand Tucker. Guión: Olivia Hetreed. Fotografía: Eduardo Serra. Música: Alexandre Desplat. Montaxe: Kate Evans. Intérpretes: Scarlet Johansson, Colin Firh, Judy Parfitt, Cillian Murphy, Tom Wilkinson, Essie Davis, Joanna Scanlan, Alakina Man, Chris Mchaallen, Gabrielle Reidy, Anna Popplewell.

Sinopse: Griet entra a servir á casa de Johannes Vermeer. Este, consciente da intuición de Griet coa luz e a cor, irá introducíndoa pouco a pouco no misterioso mundo da súa pintura. Por outro lado, María Thies, sogra de Vermeer, vendo que Griet o inspira, decide permitir a relación entre ambos os dous co fin de que o seu xenro aumente a súa exigua produción de cadros. Griet réndese cada vez máis aos encantos de Vermeer, se ben non pode estar segura dos sentimentos do pintor cara a ela.

### **Luns 5 de novembro de 2007: A fotografía e o cinema**

Sede da Real Academia Galega de Belas Artes

Diálogo entre Alberto Schommer (Real Academia de Bellas Artes de San Fernando) y Ángel Luis Hueso (Real Academia Galega de Belas Artes “Nosa Señora do Rosario”).

## **Alberto Schommer**

Nacido en Vitoria en 1928, desde novo mostrou unha forte inclinación polas artes plásticas, en concreto a pintura e a escultura. En 1952 estuda fotografía en Hamburgo e, posteriormente, é invitado a traballar en París con Kublin, fotógrafo de Balenciaga.

Na primeira metade dos sesenta realiza unha importante serie de fotografías de personalidades, así como unha serie de encargos en relación á fotografía industrial.

En 1966 fixa o seu estudo en Madrid e é seleccionado como representante español para a Expo'67 de Montreal. En 1972 o ABC encárgalle unha serie de retratos para o seu suplemento dominical, que xunto cos anteriores formarán “Los Retratos Psicológicos”. En 1973 descobre a cascografía, técnica na que segue traballando nos anos seguintes. Publica o libro “O berro dun pobo” sobre o País Vasco. En 1978 realiza as súas primeiras fotografías sobre os Reis de España aos que segue nas súas viaxes ata 1986. En 1983 expón no Visual Studies Workshop de Rochester (Nova York). O ano 1989 trae unha exposición retrospectiva sobre os seus retratos no Círculo de Bellas Artes de Madrid. En 1990 expón durante tres meses no Centro Georges Pompidou a súa “Antoloxía de retratos”. Ao longo dos anos noventa publica os seus libros “Bizkaia profunda”, “Fascinación” sobre a Alhambra, “Espacio de poder” sobre El Escorial, “Dios” sobre a Catedral de Santiago de Compostela e “Granito vivo” sobre a cidade de Santiago, continuando cun ritmo continuo de traballo nos anos seguintes. En 1996 é nomeado Académico de Número da Real Academia de Bellas Artes de San Fernando de Madrid.

## **Angel Luis Hueso Monton**

Nacido en Madrid incorporouse á Universidade de Santiago de Compostela en 1979, da que é catedrático de Historia do Cinema. As súas liñas de investigación desenvóléronse en torno ás relacións entre a historia e o cinema (*El cine y el siglo XX*), os xéneros cinematográficos, a cinematografía galega (*La exhibición cinematográfica en la provincia de La Coruña. 1940-1989*) e a catalogación do cinema español e galego (*Catálogo del cine español. Vol. F4. Películas de ficción 1941-1950*). En 2005 foi elixido Académico de Número da Real Academia Galega de Belas Artes “Nosa Señora do Rosario”. Recibiu a insignia de ouro da Universidade de Santiago de Compostela, o premio “José Sellier” da Academia Audiovisual de Galicia e a medalla do Círculo de Escritores Cinematográficos.

### **Martes 6 de novembro: Fotografía e cinema**

Sede da Real Academia Galega de Belas Artes

#### **Blow up** (Michelangelo Antonioni, 1966)

Nacionalidade: Gran Bretaña – Italia. Ano: 1966. Dur: 107 min. Dirección: Michelangelo Antonioni. Producción: Carlo Ponti. Guión: Tonino Guerra e Michelángelo Antonioni. Fotografía: Carlo di Palma. Música: Herbert Hancock. Montaxe: Frank Clarke. Intérpretes: David Hemmings, Vanesa Redgrave, Sarah Miles, Meter Bowles, Jane Birkin, Gillian Hills, Verushka.

Sinopse: adaptación dun conto de Julio Cortázar que narra a historia dun fotógrafo de modas que, tras revelar unha instantánea tomada casualmente nun parque, advertirá que aí se atopa a clave do crime.